

# A Deputación leva un programa de contacontos sobre os 'Tesouros humanos vivos' do Miño ás escolas da Raia

A [Deputación de Pontevedra](#), a través do departamento de Cooperación Transfronteiriza dirixido por Uxío Benítez, comezará a vindeira semana un programa contacontos sobre os 'Tesouros humanos vivos' do Miño dirixido ás escolas da raia. Alumnado de entre 6 e 11 anos de Arbo, Crecente, A Guarda, O Rosal, As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui gozará de varios espectáculos infantís ao abeiro da iniciativa de recuperación do patrimonio no marco do programa Smart Miño.

O CEIP Antonio Carpintero de Arbo e o Manuel Sieiro de Crecente acollerán o martes 26 a primeira das actividades de contacontos realizadas por [Polo Correo do Vento](#). O mércores continuará o itinerario no Colexio Padres Somascos da Guarda e no CPI Manuel Suárez Marquier de O Rosal, e na vindeira semana a actividade chegará aos colexios de As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui.

O programa de contacontos está enmarcado dentro da iniciativa 'Tesouros humanos vivos', un traballo de recuperación e posta en valor da memoria cultural galego-portuguesa no territorio do val do río Miño que busca dar a coñecer entre a rapazada, dun xeito lúdico e divertido, os saberes existentes a ambas beiras do río.

Segundo asegura o deputado de Cooperación Transfronteiriza

Uxío Benítez, os contacontos buscan chegar á cativada miñota e aumentar os seus coñecementos sobre a cultura e patrimonio da zona, xa que a identidade que antes se transmitía de pais a fillos está agora en perigo por falta de relevo xeracional e tamén pola forma de vida actual. “Non podemos permitir que todo ese patrimonio intanxible se perda. Hai que facer pormanter ese saber nas familias e tamén nas escolas”, subliñou.

**Alumnado de entre 6 e 11 anos de Arbo, Crecente, A Guarda, O Rosal, As Neves, Salvaterra, Tomiño e Tui gozará dos contacontos grazas á iniciativa de recuperación do patrimonio do Smart Miño**

Coñecementos como as técnicas de pesca tradicional, os traballos artesanais, os contos e lendas e mesmo as variedades dialectais que desde tempos inmemoriais se transmitían de xeración en xeración, serán algúns dos asuntos que se aborden nestes contacontos ilustrados.

O colectivo Polo Correo do Vento será o encargado de realizar esta actividade mesturando a narración oral e a ilustración. Enrique Mauricio relatará distintas biografías dos Tesouros Humanos centrándose no lugar no que se realiza o contacontos ao tempo que Carlos Taboada realiza un mural relacionado coa historia.

O obxectivo da actividade é poñer en valor as biografías homenaxeadas e afondar na idea do río Miño como unión de cultura, cunha proposta na que os nenos e nenas interaccionan co conto e co debuxo.

Esta iniciativa estaba previsto que se desenvolvese no curso pasado, sendo finalmente adiada debido a suspensión das clases por mor da pandemia da Covid-19. Retómanse agora estas actividades que se realizarán nas escolas na última semana de xaneiro e primeira de febreiro, respectando as medidas sanitarias impostas polo coronavirus. Estaba previsto ademais que os contacontos se achegaran a diferentes localidades portuguesas da raia, quedando pendente a súa realización para próximas datas.

Trátase dunha actividade enmarcada no proxecto Tesouros Humanos Vivos do proxecto [SmartMinho](#) que desenvolve a Deputación de Pontevedra co cofinanciamento do 75 % do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional que busca documentar o noso patrimonio inmaterial e a súa posta en valor, así como a súa transmisión ás novas xeracións evitando así a súa desaparición. Para iso realizouse un traballo de campo de máis dun ano xunto coa asociación Ponte... nas Ondas! que entrevistou ao redor de 15 persoas do territorio miñoto galego portugués, a maioría delas de máis de 70 anos, e nun dos casos chegando ata os 99. As entrevistas foron gravadas e documentadas e estarán á disposición de todo o mundo no canal de [youtube do smartminho](#) así como nas diferentes redes sociais do proxecto para garantir a súa divulgación e transmisión.

Na mesma liña está prevista a edición dun libro infantil neste primeiro trimestre do ano para promover este coñecemento.

---

# Obxectivo 'Culturminho': crear unha programación cultural transfronteiriza

A [Deputación de Pontevedra](#) presentou hoxe en Tui o 1º Foro da Cultura do Río Miño Transfronteirizo, '[Culturminho](#)', que terá lugar en formato dixital os vindeiros 6, 7, 8 e 9 de outubro. Trátase dun evento que, segundo dixo o deputado de Cooperación Transfronteiriza, Uxío Benítez, servirá de lugar de encontro de todos os axentes culturais, asociacións, colectivos, concellos e outras entidades institucionais do territorio do Miño para fomentar a creación dunha programación cultural realmente transfronteiriza e conxunta para ambas marxes do río.

Ante as alcaldesas, alcaldes, concelleiros e concelleiras de cultura de Tomiño, O Rosal, Tui, As Neves, Arbo, A Guarda, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, e outros da parte portuguesa do AECT Rio Minho, Benítez lembrou que no territorio do Miño existen xa numerosas experiencias como o Festival de Cans, o Play-Doc, o festival de poesía do Condado, ou o simposio de escultura Tomiño-Cerveira, polo que destacou que o obxectivo do foro será visibilizar e valorar esas experiencias, extraer conclusións e crear unha rede de axentes culturais que fortalezan os eventos xa consolidados e se programen outros novos, sobre todo coa idea de mellorar a

promoción tanto na parte galega como portuguesa.

*“Queremos que os eventos que se fagan teñan repercusión no outro lado (da fronteira) e poida haber axendas e programacións culturais conxuntas seguindo unha liña conxunta que é consolidar un territorio transfronteirizo como é o do Rio Minho”,* dixo, destacando a importancia de atraer público moi diverso.

*O deputado Uxío Benítez presentou aos concellos do Miño o foro Culturminho, que estudiará como atraer públicos dun e doutro lado da fronteira galego-portuguesa*

## **0 1º Foro da Cultura do Rio Miño Transfronteirizo**

Benítez apuntou que o 1º Foro da Cultura do Rio Miño Transfronteirizo terá dúas fases, esta primeira que terá lugar virtualmente a principios de outubro organizada pola Deputación, e unha segunda que se realizará na primavera de 2021 –agárdase que de maneira presencial– que organizará a parte portuguesa, na que unha vez extraídas as conclusións se traballará na elaboración de novas propostas culturais para implantar no territorio para as que se buscará, ademais, financiamento europeo.

O primeiro evento, encadrado dentro do proxecto europeo Smart Minho financiado con fondos europeos do programa '[Interreg V-A POCTEP 2014-2020](#)', terá formato telemático e contará cada día pola tarde con mesas de debate e conferencias na que participarán persoas de colectivos e entidades que están a traballar na cultura e en eventos destacacados.

## Inscripcións

Para participar hai que inscribirse –de forma gratuíta– na páxina [smartminho.eu/inscripcionforocultura/](http://smartminho.eu/inscripcionforocultura/). *“Facemos un chamamento a todas aquelas persoas que viven a cultura e que participan, que sexan axentes, industrias culturais... a que tomen parte porque queremos amosar as experiencias existentes, pero tamén recoller suxestións para entre todos extraer ideas”,* dixo Benítez.

Pola súa parte, o director do [AECT](#), Nogueira destacou que *“é preciso agarrar todas as oportunidades para atraer quer axentes, quer público ao territorio transfronteirizo”,* asegurando que a promoción e a divulgación son chaves para o éxito das iniciativas.

## Programa

Xosé Aldea, responsable de 'Ouvirmos', a empresa organizadora do encontro resaltou que o programa Smart Minho "*entende a cultura como un valor económico para o territorio*", polo que indicou a importancia de ver as sinerxías, coñecementos e vías de colaboración entre ambas partes do río para "*atopar un público común e compartido*" ao que lle ofrecer unha programación conxunta.

O xestor cultural tamén destacou a oportunidade que se abre con Culturminho ao apostar polo formato dixital. Asegurou que dado que a pandemia da COVID-19 deu un valor psicoterapéutico á cultura, é obrigado afondar nas posibilidades do *streaming* e na difusión ao vivo, xa que é un modelo "*que chegou para moito tempo*".

En canto ao programa, Aldea indicou que as xornadas comezarán todos os días ás 17 horas (GL). O martes 6 de outubro será o acto inaugural, e despois realizarase unha mesa redonda na que participarán representantes da Fundação da Bienal de Arte de Cerveira, do Festival de Cans, do Festival Folk Celta de Ponte da Barca, de Entre Margens ou do Festival de Vilar de Mouros.

Ao día seguinte, o mércores, a charla versará sobre as experiencias de cooperación e cultura no río Miño, con xestores e xestoras de ambas beiras como a Casa das Artes de Valdevez, o Simposio de escultura de Tomiño-Cerveira, o Folk Monção, o IKFEM, ou Ponte nas Ondas.

O xoves tomarase como centro o teatro e baixo o epígrafe 'Palabra e escena no río Miño' exporanse iniciativas profesionais como as do Museo do Cinema Melgaço, As comedias do Minho, o Play-Doc, ou o Festival de Poesía do Condado.

Finalmente, xa o venres cambiará o formato e en lugar dunha charla realizaranse dous relatorios, un sobre financiamento a cargo do asesor técnico do Ministerio de Cultura e Deportes na oficina Europa Creativa, Augusto Paramio, a quen se lle queren tamén trasladar as potencialidades do territorio do Miño. Por outra banda contarase coa participación de Miguel Ángel Cajigal, divulgador cultural coñecido como @elbarroquista con máis de 78.000 seguidores en Twitter.

---

## **A Deputación de Pontevedra conmemora o Día Mundial do Patrimonio coa presentación do proxecto ‘Tesouros Humanos Vivos’**

A Deputación de Pontevedra, a través do proxecto Smart Minho, presentou con motivo da véspera do Día Mundial do Patrimonio Cultural a iniciativa *Os Tesouros Humanos Vivos*, un traballo de recuperación e posta en valor da memoria cultural galego – portuguesa no territorio do val do río Miño. Coñecementos como as técnicas de pesca tradicional, os traballos artesanais, os contos e lendas e mesmo as variedades dialectais que dende tempos inmemoriables se transmitían de xeración en xeración, vense agora ameazados pola falta de revelo xeracional e os drásticos cambios na forma da vida da xente nos últimos 50 anos. O acto contou coa presenza da presidenta da Deputación



de Pontevedra, Carmela Silva; do deputado de Cooperación Transfronteiriza e director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez; da deputada de Patrimonio, María Ortega, e do coordinador da Asociación Ponte... nas Ondas!, Xerardo Feijoo, organización consultora da UNESCO, con quen se está a desenvolver este traballo.

Segundo

explicou o deputado Uxío Benítez, esta é unha das accións “máis bonitas e simbólicas” enmarcadas dentro do proxecto Smart Minho que desenvolve a Deputación de Pontevedra co cofinanciamento do 75% do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. O obxectivo é documentar estes coñecementos intanxibles, “que son a base da nosa cultura e da nosa identidade”, pólos en valor e transmitilos ás novas xeracións evitando así a súa desaparición.

**Uxío Benítez destacou que *Tesouros Humanos Vivos* é unha das accións “máis bonitas e simbólicas” do proxecto Smart Minho**

Para iso realizouse un traballo de campo de máis dun ano xunto coa asociación Ponte... nas Ondas! que entrevistou ao redor de 15 persoas do territorio miñoto galego portugués, a maioría delas de máis de 70 anos, e nun dos casos chegando ata os 99. As entrevistas foron gravadas e documentadas e estarán á disposición de todo o mundo na páxina [www.smartminho.eu](http://www.smartminho.eu) co obxectivo de garantir a súa divulgación e transmisión.

Nesta mesma liña, Benítez anunciou que en 2020 realizaranse actividades lúdicas e educativas relacionadas cos tesouros humanos vivos en escolas, editaremos un libro infantil, organizarase unha exposición itinerante e haberá un acto homenaxe a todos os “tesouros humanos vivos” que forman parte do proxecto”.

Pola súa banda, a deputada de Patrimonio, María Ortega, dixo sentirse orgullosa de que a Deputación de Pontevedra leve a cabo un proxecto coma este que debería ser extensible a todas as administracións. Ortega aproveitou a ocasión para reivindicar “a lingua como o elemento máis importante do noso patrimonio inmaterial, a lingua fainos ser quen hoxe somos, unha lingua, que na raia nos une co pobo irmán portugués, e que nos serve para transmitir o

nosa cultura,  
sentir e emocións”.

## **O traballo realizase en colaboración coa Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!, consultora acreditada pola UNESCO, con 25 anos de experiencia**

Por  
último, a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela  
Silva, destacou na  
súa intervención que proxectos como “Tesouros Humanos Vivos”  
son “fundamentais  
para que poidamos transmitir e seguir vivo todo ese  
coñecemento ancestral e que  
amais nos fai ter máis recursos para facer fronte aos novos  
retos”. “Ese  
patrimonio inmaterial nos fai únicos, diferentes e diversos  
nun mundo global e  
ademais amosa a humanidade, o máis fermoso do ser humano; non  
podemos permitir  
que se perda”, manifestou.

Silva  
fixo fincapé en que o patrimonio inmaterial “está maiormente

nas mans das  
mulleres, porque vivimos máis anos”. “E poñerlles a elas voz  
con ese  
coñecemento inmaterial –engadiu- tamén visibiliza a esas  
mulleres galegas  
extraordinarias, cuxos rostros tamén son tesouros humanos  
vivos, e fala de todo  
o que teñen aportado. Por iso paréceme relevante e quero poñer  
en valor que son  
elas as que poden transmitir ese patrimonio inmaterial”.

**A Asociación Cultural e Pedagóxica [Ponte...  
nas Ondas!](#) desenvolve dende hai 25 anos a  
súa actividade de recuperación da  
cultural inmaterial**

A  
presidenta recalcou que o Proxecto Smart Minho “fala de dous  
países, pero un  
pobo” e está a aportar ideas e accións “que van facer que todo  
este territorio,  
e máis alá, teña posibilidades de construír futuro poñendo as  
raíces no  
extraordinario pasado que temos; non podemos esquecer que fai  
2000 anos este  
territorio era o centro do mundo, aquí acontecía todo”. Tras  
agradecer a labor

do colectivo Ponte nas Ondas, concluíu que “nese patrimonio inmaterial nós somos unha grande referencia no mundo; temos moita cultura e moito orgullo que defender”.

A Asociación Cultural e Pedagóxica [Ponte... nas Ondas!](#) desenvolve dende hai 25 anos a súa actividade de recuperación da cultural inmaterial a través do recoñecemento de ‘tesouros humanos vivos’ en todo o territorio transfronteirizo, realizando este labor de xeito ininterrompido dende a súa fundación. O seu traballo de recuperación do patrimonio inmaterial a través desta metodoloxía establecida pola UNESCO foi premiada en varias ocasión por entidades nacionais e internacionais.

## **Composición de Smart Minho**

Smart Minho é un proxecto da Deputación de Pontevedra, a [CIM Alto Minho](#), a [Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais](#) e a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Río Miño ([AECT Río Miño](#)), cofinanciado ao 75% por fondos FEDER.

---

# **Os ‘Concertos no Río Miño’, preámbulo do IKFEM 2019, ofrecerán catro actuacións de alto nivel con propostas para todos os públicos**

**Grazas a esta iniciativa do  
AECT Río Miño o festival crece con catro concertos nas  
eurociudades Tomiño –  
Cerveira e Tui – Valença**

**A organización europea destinou un total de 15.000 euros para  
a dinamización desta experiencia cultural, como parte da  
acción 2 do proxecto Smart Minho**

**A  
VII edición do IKFEM 2019, festival de música de teclado da  
Eurocidade Tui –  
Valença, terá como preámbulo os ‘Concertos no Río Miño, unha  
iniciativa do AECT  
Rio Minho a través do proxecto Smart Minho, que completará o  
programa do  
festival con catro actuacións de artistas de Galiza e  
Portugal. Os concertos  
terán lugar en enclaves senlleiros das eurociudades Tui –  
Valença e Tomiño –  
Cerveira e ofrecerá un cartel con propostas para todos os  
públicos.**

`IKFEM

-Concertos no Rio Miño' será unha extensión do propio evento e celebrarase do 14 ao 16 de xullo nos concellos de Tomiño, Vila Nova de Cerveira, Tui e Valença. O público poderá gozar dunha programación variada en estilos musicais, con artistas de altísima calidade de Galicia e Portugal, e con propostas dirixidas a todo tipo de públicos. Os espazos dos concertos serán emprazamentos exteriores na contorna do Rio Miño: Centro Interfederado, do club de remo de Tui; a fortaleza de Valença con vistas ao Rio Minho; os xardíns do Aquamuseu de Cerveira, e o Espazo Fortaleza de Tomiño.

A colaboración do AECT Rio Minho co IKFEM para esta actividade ascende a un total de 15.000 euros. Esta axuda está enmarcada na actividade 2 do proxecto de cooperación europea Smart Minho, destinada á dinamización de experiencias culturais conxuntas entre as dúas marxes do río.

O pasado mes de maio, o agrupamento xa colaborou co Encontro de Tocadores 'Entre Margens', cunha financiación similar destinada á programación artística. Grazas a esa achega de 15.000 euros, 'Entre Margens' viu consolidada a súa oferta musical e incluíu por primeira vez ao concello da Guarda dentro da súa programación.

## Concertos no Río Minho

O programa dos Concertos no Río Minho, patrocinado polo AECT, inclúe os seguintes concertos:

O domingo 14 en Tomiño, no espazo Fortaleza, ás 21.30 horas (hora galega), haberá un concerto de Mini Mozart, destinado ao público infantil. As aventuras de Mozart e da súa irmá María Anna marcan o percorrido pola música do xenio austríaco.

Ese mesmo día, na veciña Cerveira, nos Jardins do Aquamuseu do Río Minho ás 23.00 (hora galega), os músicos Susana Seivane, Abe Rábade e Víctor Prieto presentarán a súa colaboración conxunta que leva por nome “Voar a seis mans”. Mesturaranse composicións orixinais dos tres autores, música tradicional galega e adaptacións de tres grandes autores suramericanos: Tom Jobim, Astor Piazzolla e Egberto Gismonti.

O luns 15 de xullo, no Centro Interfederado (Club de Remo) de Tui, ás 21.00 horas (hora galega), actuará o galego Davide Salvado co seu espectáculo “Amarelo”, no que reinterpreta a xeito contemporáneo cancións tradicionais galegas e doutras partes do mundo.



Xa o martes 16, en Valença do Minho, no Largo Visconde Guarativa (Fortaleza) ás 21.00 (hora galega) será o Mineus Dúo quen mesturará as músicas de ambas as dúas beiras do río Miño, co programa que leva por título: “Atravessando o Minho: cancións da Galiza e Portugal”. O tenor Jorge Prego, xunto con Miguel Campinho ao piano, farán un percorrido musical polo Portugal e a Galicia dos últimos 200 anos a través da canción lírica, como exemplo da cultura transfronteiriza do territorio.

## **Smart Minho**

Xunto co AETC Rio Minho, son socios do proxecto europeo de cooperación transfronteiriza Smart Minho, a Deputación de Pontevedra, a CIM Alto Minho e a Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal. Smart Minho está cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e conta cun orzamento total de 942.022,47 euros.

---

# **Smart Minho promove encontros entre técnicos culturais municipais para facer da promoción e creatividade cultural un dos atractivos do territorio do Río Miño**

A axenda de traballo iniciouse cunha primeira reunión en Tui con técnicos municipais de cultura galegos. O obxectivo é a organización dunha actividade cultural singularizada que poña en valor o territorio do río Miño.

Técnicos do proxecto Smart Minho, liderado pola Deputación de Pontevedra, mantiveron esta semana unha reunión de traballo con técnicos de municipios galegos no que supuxo o punto de partida dun proceso de reflexión sobre a cultura transfronteiriza, que ten por obxecto promover a organización dunha actividade cultural singularizada que valorice o territorio do río Miño.

A axenda de traballo iniciouse con esta reunión, que tivo lugar en Tui, e continuará ao longo dos próximos meses con reunións en Portugal con técnicos de cultura dos municipios lusos e, finalmente, con encontros conxuntos.

Este proceso de reflexión parte do convencemento de que é preciso aproveitar as sinerxías e o potencial creativo existente en ambas as marxes do Río Miño Transfronteirizo (Festival da Poesía do Condado en Salvaterra, Festival de Cans

en Porriño, PLAY DOC e IKFEM en Tui, Paredes de Coura, Bienal de Escultura de Tomiño e Vilanova da Cerveira, etc.).

Esta iniciativa desenvólvese no marco da actividade de dinamización de experiencias culturais conxuntas para achegar aos axentes territoriais e involucrar ás poboacións nos procesos de cooperación do proxecto Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo, Smart Minho.

Os obxectivos desta acción son achegar aos axentes territoriais que se moven no campo da cultura, dinamizar redes de traballo conxunto no campo cultural, e facer unha reflexión colectiva sobre as potencialidades da cultura eurorrexional como elemento diferenciador do territorio.

Expertos en industrias culturais, valor cultural e cultura compartida da Eurorrexión de Galicia e Norte de Portugal, asociacións, empresas, artistas e axentes culturais do territorio; representantes de proxectos relevantes doutras rexións europeas e representantes de organismos públicos configurarán os actores clave a mobilizar nos próximos meses.

## **Smart Minho**

O proxecto denominado “Estratexia de Cooperación Intelixente Rio Minho Transfronteirizo”, Smart Miño, está cofinanciado ao 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.